



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE ABRIL DE 2019

LICENZAS

FAVORABLE.-

LIC/1727/2018.- INVERSIONES GRAÑA, S. L.- Conceder licenza para executar as obras de demolición, reconstrución e ampliación de vivenda unifamiliar adosada na rúa Escultor Ferreiro nº 2.

PARCELACIONES/SEGREGACIONES.-

LIC/2032/2018.- JOSÉ PÉREZ NIETO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelamento en lugar de Camouzo.

LIC/136/2018.- MANUEL RODRÍGUEZ CALVO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregación no lugar de Sionlla de Arriba, 12 A.

LIC/320/2018.- MANUEL TABOADA GÓMEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e declarar a innecesariedade de licenza urbanística para proceder á segregación pola liña do Plan Xeral de Ordenación Municipal en Avda. Mestra Victoria Miguez.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de demolición, reconstrución e ampliación de vivenda unifamiliar adosada na rúa Escultor Ferreiro nº 2. LIC/1727/2018. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelamento no lugar de Camouzo. LIC/2032/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregación no lugar de Sionlla de Arriba, 12 A. LIC/136/2018. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e declarar a innecesariedade de licenza urbanística para proceder á segregación pola liña do Plan Xeral de Ordenación Municipal na Avda. Mestra Victoria Miguez. LIC/320/2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación de horario de peche nunha hora solicitado pola Asociación Hostelería Compostela para determinadas datas. Infórmase favorablemente por parte do Concello da ampliación nunha hora o horario de peche do que dispoñen na actualidade os establecementos durante a Semana Santa (noites que van do 12 ao 21 e abril) e Ascensión (noites que van do 29 ao 31 de maio e do 1 ao 2 de xuño).

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do Plan especial para o desenvolvemento do sistema xeral de equipamento deportivo ZD-2. Área deportiva de San Lázaro. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da Addenda ao convenio entre o Concello de Santiago e VISECORSA, S.L.U. para a financiamento da construción dun aparcadoiro municipal na parcela EQ-1 da Sionlla, subscrito o 6.7.16. Apróbase a addenda ao convenio, para atender aos custos derivados do proxecto modificado para a construción do aparcadoiro. A través dela, VISECORSA comprométese a executar unha achega económica por importe de 34.903,57 euros e facela efectiva no prazo dun mes desde a formalización da referida addenda.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á devolución de fianza do contrato de "Servizo de xestión e desenvolvemento das "Escolas municipais de verán 2017": programa municipal de conciliación do Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á modificación do contrato de "Seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago". Acórdase modificar o contrato para incorporar na póliza dous vehículos que se incorporen ao parque móbil. O gasto será de 328,27 euros ata o 1 de agosto de 2019.

11.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación das bases da convocatoria dos Premios de creación literaria SELIC 2019; e autorización do gasto. Apróbase as bases da convocatoria, á que se destinarán 7.500 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e o Curso Universitario Internacional MÚSICA EN COMPOSTELA para 2019. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 5.000 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio nominativo entre o Concello de Santiago e a asociación cultural O GALO para 2019. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 2.000 euros.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de zona cuberta de usos múltiples en Santa Marta. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 136.791 euros, IVE engadido. O prazo de execución é de dous meses.

15.- Proposta da concelleira de Mocidade relativa á aprobación do campamento de verán de vela e actividades náuticas e do seu prezo público, organizado pola concellería en xullo de 2019. Apróbase a proposta.

16.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e o Club de Atletismo Fontes do Sar para o desenvolvemento da carreira popular nocturna SANYAGO 10 K. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 12.000 euros.

17.- Proposta do concelleiro delegado con competencias en Asesoría Xurídica relativa á interposición dun recurso de apelación contra a sentenza ditada no PO 095/2018 do Xulgado do contencioso-administrativa nº 2 de Santiago. Apróbase a proposta.

18.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e DECATHLON para actividades de formación en materia de seguridade viaria. Dáse conta

19.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago, a Xunta de Galicia e o SERGAS sobre a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal necesarios para determinadas tarefas do persoal das unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día. Dáse conta.

20.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a USC para exposicións e actividades sobre discursos, imaxes e prácticas culturais de visitantes e habitantes de Santiago. Dáse conta

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón de contía. Apróbase a proposta.

2.-Recoñecementos extraxudiciais de crédito. Apróbase a proposta

3.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal, relativa á xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais de Bando para o ano 2018. Apróbase a proposta.

4.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos para dar conta da sinatura dun convenio entre a Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco e o Concello de Santiago para a implementación na rede de Centros Cívicos do Servizo de Voluntariado Europeo 2019. Dáse conta.